

E LEMBRA:



- Se o motivo de consulta que presenta o voso fillo non está especificado nos apartados de valoración inmediata ou urxente, é un motivo que pode esperar á primeira cita que teñades dispoñible. .
- Se ao solicitar cita comprobas que non quedan ocos no mesmo día, pensa que é porque o solicitaron outros pacientes que tamén necesitan o seu tempo de valoración, o cal diminuírá ao forzar outra cita e por tanto, a calidade da atención.
- Estamos aquí para axudarche, querémoste dar todo o tempo que necesite cada problema. Para iso necesitamos a túa colaboración.

**Podes ter esta guía no teu
móvil descargando o
Código QR**



**SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE**

ÁREA SANITARIA DE FERROL

RECOMENDACIÓNS PARA FAMILIAS E COIDADORES



SOLICITE VALORACIÓN URXENTE

Chamando ao 061, acudindo a urxencias ou ó
Centro de Saúde máis cercano

Respiratorio

- Dificultade para respirar grave: márcanse as costelas, respira moi rápido ou pausas na respiración, adormecido.
- Atragantamento e dificultade para respirar ou vómitos/salivación constante.

Pel

- Mala coloración (palidez, pel moteada, coloración azul ou agrisada).
- Aparición súbita de manchas na pel que non desaparecen nin clarean ao presionar ou estirar a pel. Hinchazón de beizos ou pálpebras (sospeita de alerxia) con dificultade para respirar, vómitos ou mareo.

Comportamento

- Non responde a estímulos.
- Irritabilidade ou somnolencia excesivas.
- Movementsos anormais (convulsión).

Accidentes

- Ferida profunda con sangrado abundante que non cede tras aplicar presión durante 10 min. ou que precise sutura.
- Fractura aberta (vese o óso).
- Golpe na cabeza con perda de coñecemento.
- Inxesta de obxectos, sobre todo pilas, imáns ou obxectos punzantes.
- Inxesta de produtos tóxicos ou sobredosificación de medicamentos.

(Teléfono de Urxencias Toxicolóxicas: **91 562 04 20**; 24 horas)





SOLICITE VALORACIÓN MÉDICA NO MESMO DÍA

Febre

- Bebé menor de 3 meses con febre (>38°C).
- Febre que asocia calquera dato de alarma do apartado superior (pel, comportamento, respiración). Lembra, os mocos non son un dato de alarma.
- Febre de máis de 40,5°C. ou febre durante 5 días ou máis.

Respiratorio

- Dificultade para respirar: márcanse as costelas, "asubío" ao respirar, respira rápido e tras realizar un lavado nasal non presenta ningún tipo de melloría.

Gastrointestinal

- Bebé menor dun mes rexeita tomas (come <50% do habitual) de maneira persistente.
- Vómitos e/o diarrea máis de 12-24 horas que asocia intolerancia persistente para líquidos ou que asocia ollos afundidos, ouriña pouco, boca seca ou pastosa.
- Vómitos asociados a dor de cabeza que non mellora con analxesia.
- Dor de barriga continuo e que non mellora a pesar de analxesia.

Pel

- Aparición súbita de manchas na pel con hinchazón de beizos ou pálpebras sen outros síntomas.

Outros

- Molestias ao ouriñar sen febre asociada (dor, escozor, micción imperiosa, sensación de ouriñar non finalizada) de maneira continua a pesar de limpeza de zona íntima e aumento do consumo de líquidos.
- Dor de oído con febre ou supuración ou dor de oído en menores de 2 anos.

Comportamento

- Mareo con perda de forza.
- Expresa pensamentos de morte ou suicidas.
- Choro inconsolable mantido no tempo que non calma con medidas habituais.



SOLICITE CONSULTA PROGRAMADA CO SEU PEDIATRA (primeiro oco dispoñible)

Febre

- Paciente que presenta febre sen datos de alarma (ver apartados previos).

Respiratorio

- Tose e/o mocos sen dificultade para respirar (ver apartados previos) de mais de 2 semanas de evolución.
- Control de cadros respiratorios con boa evolución.

Gastrointestinal

- Diarrea de mais dunha semana sen datos de alarma (ver apartados previos).
- Dor abdominal que vén e vai, non moi intenso e que persiste a pesar de analxesia en domicilio.

Pel

- Manchas en pel que desaparecen ou clarean ao presionar ou estirar.

Outros

- Dor de oído con boa resposta a analxesia de mais de 48 h de evolución.
- Olo vermello ou picor ocular.
- Receitas, informes e documentos administrativos. LÉMBRASE QUE NOS CENTROS DE SAÚDE NON SE REALIZAN XUSTIFICANTES DE AUSENCIA ESCOLAR.
- Control evolutivo do paciente valorado en urxencias que non especifica data improrrogable.

Comportamento

- Cansazo prolongado.
- Tristeza, ansiedade, angustia.

CALQUERA OUTRO MOTIVO QUE NON ESTEA REFLECTIDO
NOS APARTADOS PREVIOS.

